

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no Diario Oficial de Galicia)	

SUMARIO:

Resolución do 3 de agosto de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a adxudicación definitiva dos destinos provisionais para o próximo curso académico 2017/18 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal opositor do ano 2017 e ao persoal interino ou substituto do corpo de mestres e ao que solicite o reingreso no servizo activo.

TEXTO:

En aplicación do disposto na base vixésimo terceira da Orde do 13 de xuño de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* do 26 de xuño), pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2017/18 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal opositor do ano 2017 e ao persoal interino ou substituto do corpo de mestres e ao que solicite o reingreso no servizo activo, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro.- Facer pública no anexo desta resolución a adxudicación definitiva dos destinos provisionais obtidos para o curso 2017-2018 polos mestres participantes na convocatoria da Orde do 13 de xuño de 2017.

Segundo.- O profesorado tomará posesión no centro educativo. Os efectos da toma de posesión dos destinos adxudicados serán do 1 de setembro de 2017.

Terceiro.- Os nomeamentos serán remitidos ao seu enderezo de correo electrónico.

Cuarto.- Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2017

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Por suplencia (Resolución do 27/07/2017)

O secretario xeral técnico



Jesús Oitavén Barcala

INSÍRASE NO DOG

